



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CBIMP11	Peiteado e estética	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3064	Lavado e cambios de forma do cabelo	2023/2024	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA SENÍN MONTÁNS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O contorno profesional no que se desenrola o currículo, podémolo concretar en tres apartados:

1. Ámbito profesional.

Estas persoas exercen xeralmente a súa actividade por conta allea en salóns de peiteado e de beleza, en salas de peiteado e/ou estética, en ximnasios o centros de beleza de hoteis, residencias de persoas maiores, hospitais e balnearios, baixo a supervisión de persoal técnico responsable. Tamén poden realizar de xeito autónomo servizos básicos de peiteado, manicura e pedicura, depilación e maquillaxe.

2. Sectores produtivos.

a) O perfil profesional do título profesional básico en Peiteado e Estética marca unha evolución cara ás competencias relacionadas co desenvolvemento de procesos de peiteado e estética que utilizan técnicas e produtos cada vez menos agresivos para a pel, o cabelo e as uñas, potenciando a integridade capilar. Os/as futuros/as profesionais deberán ter coñecementos de hábitos saudables e de técnicas e cosméticos de última xeración.

b) Desde o punto de vista das funcións, estas van evolucionando coas novas necesidades das empresas e as demandadas do mercado, complementándose con competencias relacionadas coa calidade, a seguridade e o respecto polo ambiente.

c) Canto á tipoloxía das empresas, a tendencia do mercado apunta, por unha banda, cara a establecementos independentes tradicionais, e por outra parte cara a un incremento de franquías e agrupacións corporativas cunha política técnica e empresarial definida.

d) Obsérvase unha tendencia do usuario masculino cara ao seu coidado estético en xeral, e rexorden técnicas dedicadas a realizar estes procesos. Por este motivo, prevese o crecemento desta actividade empresarial asociada a un aumento na demanda por parte deste sector, o que introduce cambios na formación en técnicas de peiteado, barba e coidados cosméticos masculinos, para mellorar a atención ao usuario e ofrecer maiores posibilidades comerciais.

3. Ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

-Auxiliar de peiteado.

-Axudante/a de manicura e pedicura.

-Axudante/a de maquillaxe.

-Auxiliar de depilación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Observación do cabelo e do coiro cabeludo.	Observar o estado do coiro cabeludo e cabelo; recoñecer as alteracións máis saiantables.	18	15



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	Preparación de equipamentos e utensilios.	Preparar equipos, útiles de lavado e cambios de forma recoñecendo as características e aplicacións dos mesmos.	18	15
3	Lavado e acondicionamento do cabelo.	Lavar e acondicionar o cabelo tendo en conta as súas características.	18	20
4	Cambios no cabelo de forma temporal.	Cambiar temporalmente a forma do cabelo utilizando as diferentes técnicas.	86	25
5	Cambios no cabelo de forma permanente.	Cambiar o cabelo de forma permanente utilizando as diferentes técnicas.	70	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Observación do cabelo e do coiro cabeludo.	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Observa o estado do coiro cabeludo e do cabelo, e recoñece as alteracións máis salientables	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a estrutura da pel
CA1.2 Explicouse a estrutura e os tipos de cabelo
CA1.3 Determinouse o tipo e o estado do coiro cabeludo
CA1.4 Descríronse as alteracións máis frecuentes do cabelo e do coiro cabeludo
CA1.5 Acomodouse a clientela tendo en conta as posicións anatómicas máis idóneas para o proceso



Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícaronse as pautas para realizar a observación do cabelo e do coiro cabeludo
CA1.7 Realízouse, baixo a supervisión do persoal técnico responsable, o estudo básico do cabelo e do coiro cabeludo, expuxéronse os seus resultados con discreción e identifícaronse os cosméticos necesarios
CA1.8 Identifícaronse os compoñentes que constitúen a sucidade do cabelo e do coiro cabeludo
CA1.9 Realízouse o proceso de análise coa discreción requirida, respectando a confidencialidade

4.1.e) Contidos

Contidos
Pel. Coiro cabeludo. Pelo: función, concepto, características e clasificación. Cabelo: estrutura, características e clasificación. Alteracións máis frecuentes do coiro cabeludo e do cabelo. Sucidade do cabelo e do coiro cabeludo. Técnicas de observación do cabelo e do coiro cabeludo. Medidas para a acomodación e a protección da clientela e do persoal profesional.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación de equipamentos e utensilios.	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara equipamentos e utensilios de lavado e cambios de forma, e recoñece as súas características e as súas aplicacións	SI



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os equipamentos e os accesorios necesarios para realizar o proceso de hixiene capilar
CA2.2 Preparouse a zona de traballo en condicións de hixiene, para a realización do servizo de hixiene capilar
CA2.3 Clasifícanse os utensilios e os accesorios para realizar un cambio de forma temporal ou permanente en función do tipo de cabelo e do resultado desexado
CA2.4 Identifícanse as clases de moldes e de utensilios para realizar os cambios de forma temporal e permanente
CA2.5 Calculouse o grao de dificultade asociado ao traballo que se vaia realizar e estimouse o tempo de execución da montaxe, coa axuda da persoa responsable
CA2.6 Clasifícanse os aparellos utilizados como fontes de calor nas técnicas para o cambio de forma do cabelo, e indicouse o seu modo de utilización e hixienización
CA2.7 Descríbense as deterioracións que se poden presentar nos utensilios e nos accesorios e que poidan orixinar deficiencias no resultado final
CA2.8 Colaborouse co persoal técnico responsable na detección das anomalías que poden presentar os aparellos e que poidan causar riscos para o/a cliente/a ou para o/a profesional
CA2.9 Colaborouse co persoal técnico responsable na elección dos utensilios máis adecuados para o proceso técnico que se vaia realizar
CA2.10 Aplicáronse as medidas de hixiene máis adecuadas aos utensilios, aos aparellos e ao posto de traballo, ao finalizar cada servizo de lavado e cambio de forma
CA2.11 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas

4.2.e) Contidos

Contidos
Descrición dos equipamentos e dos accesorios requiridos no proceso de hixiene capilar e preparación da zona de traballo. Criterios de selección.
Clasificación de equipamentos, utensilios e accesorios empregados nos cambios de forma temporal e permanente. Criterios de selección.
Medidas para a limpeza e a desinfección de utensilios e accesorios para cambios de forma temporal e permanente.
Preparación da área de traballo.



Contidos
Medidas de seguridade aplicables.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Lavado e acondicionamento do cabelo.	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Lava ou acondiciona o cabelo, tendo en conta as súas características	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbíronse de xeito básico a composición e o mecanismo de actuación dun xampú e dun acondicionador capilar
CA3.2 Axudouse ao persoal técnico responsable na selección dos cosméticos que cumpra empregar no lavado e no acondicionamento do cabelo, tendo en conta o tipo de cabelo, o estado do coiro cabeludo e o servizo que se vaia realizar
CA3.3 Acomodouse e preparouse o/a cliente/a para a realización do servizo de hixiene capilar
CA3.4 Coidouse a súa posición anatómica e a do/da profesional para a aplicación das técnicas de hixiene capilar
CA3.5 Comprobouse que o cabelo e o coiro cabeludo queden mollados antes da aplicación de xampú
CA3.6 Aplicáronse os cosméticos de hixiene e acondicionamento, e realizáronse as manobras pertinentes coa intensidade e os ritmos adecuados
CA3.7 Asegurouse a eliminación dos cosméticos aplicados
CA3.8 Reflectíronse na ficha do/da cliente/a e na de servizo os produtos cosméticos utilizados, seguindo as indicacións do persoal técnico



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación
CA3.9 Empregáronse os equipamentos de protección individual
CA3.10 Adaptouse o proceso de hixiene capilar aos cambios de forma temporal e permanente do cabelo
CA3.11 Detectáronse e describíronse as causas das deficiencias no servizo e as medidas para as arranxar
CA3.12 Aplicáronse as especificacións de seguridade requiridas

4.3.e) Contidos

Contidos
Cosméticos para a hixiene do cabelo e do coiro cabeludo. Medidas de seguridade aplicables. Cosméticos para o acondicionamento do cabelo. Criterios para a selección dun xampú e un acondicionador. Normas e equipamentos de preparación e protección da clientela e do persoal profesional para a realización do proceso de hixiene e acondicionamento capilar. Posicións anatómicas adecuadas para a clientela e para o persoal profesional ao aplicar técnicas de hixiene e acondicionamento capilar. Técnica de hixiene capilar para procesos de cambio de forma do cabelo. Pautas para adaptar a técnica de hixiene aos procesos de cambio de forma temporal e permanente. Técnica de acondicionamento capilar. Ficha técnica: pautas de formalización. Avaliación da calidade do servizo e grao de satisfacción da clientela.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Cambios no cabelo de forma temporal.	86



4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Cambia a forma do cabelo de xeito temporal, tendo en conta a relación entre as técnicas de cambio temporal seleccionadas e o efecto final	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as modificacións que se orixinan no cabelo durante o proceso de cambio temporal
CA4.2 Enumeráronse os procedementos físicos implicados na modificación da forma do cabelo de maneira temporal
CA4.3 Describíronse os cosméticos que facilitan e manteñen o peiteado, a súa composición básica e a súa forma de actuar
CA4.4 Acomodouse e preparouse o/a cliente/a para a realización do servizo de cambio temporal do cabelo
CA4.5 Prestóuselle asistencia ao persoal técnico responsable na elección da técnica de cambio de forma, en función do tipo de peiteado que se vaia realizar, as características e a lonxitude do cabelo, así como os equipamentos necesarios para a executar
CA4.6 Elixíuse o tipo e o tamaño de molde ou accesorio necesario para realizar o cambio de forma, seguindo as indicacións do persoal técnico
CA4.7 Prestóuselle axuda ao persoal técnico responsable na elección e na aplicación do cosmético fixador con anterioridade á realización da marcaxe
CA4.8 Colocáronse os accesorios e/ou os moldes en función do resultado pretendido, adaptando perfectamente o talo capilar e seguindo as direccións correctas, en función do longo do cabelo e do estilo do peiteado
CA4.9 Controlouse o tempo de exposición requirido no proceso de secado
CA4.10 Adaptouse a temperatura e a distancia do secador de man ao tipo de cabelo e ao grao de humidade
CA4.11 Avaliouse a satisfacción da clientela co resultado do cambio de forma do cabelo, formulando as preguntas tipo
CA4.12 Describíronse as causas das deficiencias no servizo e as medidas para as arranxar



4.4.e) Contidos

Contidos
Fundamento dos cambios temporais da forma do cabelo. Procedementos físicos utilizados para os cambios de forma temporal. Cosméticos utilizados para os cambios de forma temporal. Criterios de selección. Medidas de protección persoal do/da profesional e da clientela. Execución técnica dos cambios de forma temporal. Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela Deficiencias na calidade do servizo: causas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Cambios no cabelo de forma permanente.	70

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Cambia a forma do cabelo de xeito permanente, tendo en conta a relación entre as técnicas de cambio permanente seleccionadas e o efecto final	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbironse as fases dun cambio de forma permanente e as modificacións asociadas
CA5.2 Identifícaronse os cosméticos que se empregan en cada fase, a súa relación co tipo de cabelo e a súa forma de utilización
CA5.3 Protexeuse o persoal profesional coas medidas adecuadas para traballar en condicións de seguridade e hixiene



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación
CA5.4 Preparouse o/a cliente/a e aplicáronse os produtos necesarios para a protección da pel
CA5.5 Prestouse axuda na elección do tipo e do tamaño de molde máis adecuado para o cambio de forma permanente que se pretenda realizar e colocáronse con habilidade e destreza na dirección indicada
CA5.6 Asistiuse o persoal técnico responsable na aplicación dos cosméticos seleccionados, controlando o proceso e o tempo de exposición
CA5.7 Seguíronse as instrucións dadas polo persoal técnico para cubrir a ficha do/da cliente/a e a ficha de servizo
CA5.8 Mantívose a área de traballo co grao axeitado de orde e limpeza
CA5.9 Recolleuse e almacenouse todo o material logo de rematado o proceso realizado
CA5.10 Avaliouse a satisfacción da clientela co resultado do cambio de forma do cabelo, formulando as preguntas tipo
CA5.11 Describíronse as causas das deficiencias no servizo e as medidas para as arranxar

4.5.e) Contidos

Contidos
Fundamento dos cambios permanentes da forma do cabelo: fases e efectos producidos.
Cosméticos utilizados para os cambios de forma permanente: tipos e mecanismo de acción. Pautas para a súa correcta selección, conservación, manipulación e aplicación.
Medidas de protección persoal do/da profesional e da clientela.
Execución técnica dos cambios de forma permanente.
Ficha técnica: pautas de formalización.
Técnicas de detección do grao de satisfacción da clientela
Deficiencias na calidade do servizo: causas.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Segundo as unidades didácticas, acadaranse uns mínimos de realización básicos que neste módulo están detallados en cada unha das unidades.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación dos alumnos/as dos ciclos de FPB terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas e realizarase por módulos profesionais.

É requisito indispensable elaborar na práctica varios traballos das distintas técnicas, e ter os coñecementos mínimos adquiridos nos procesos de lavado e cambios de forma do cabelo, en modelos reais ou perruca, exámes escritos-oraís ... etc, reflexados nos mínimos esixibles, para poder aprobar este módulo.

Estas unidades de traballo desenvolveráanse ó longo de todo o curso, íranse intercalando co resto das UD, co fin de que aprendan a realizar diferentes técnicas de lavado e cambios de forma do cabelo, e que adquiran os coñecementos necesarios para a realización das mesmas, cun mínimo de técnica e rapidez.

Preténdese que o alumnado consiga un dominio das técnicas necesarias para executar os procesos de lavado e cambios de forma do cabelo, e da técnica correcta que lle permita alcanzar un mínimo de destreza na execución.

Os porcentaxes cos que se formará a nota final será:

-Proba escrita 30%: consistirá en exames escritos tipo test ou preguntas de desenrolo, según estime o profesor, por avaliación (adaptado ó nivel educativo da clase).

-Parte práctica 70%: valorarase os traballos de taller diarios rematados e debidamente selados polo profesor, tamen terase en conta o coidado do material e das instalacións, traballo en equipo, orden e limpeza e atender á explicación do profesor.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado terá que acadar un mínimo de 5, tanto na proba escrita como na práctica.

ALUMNO CON AVALIACIÓN CONTINUA:

O número de traballos realizados polo alumno/a dependerá do ritmo da clase, e a diversidade do alumnado.

Será condición indispensable para superar o módulo aprobar as probas prácticas, oraís ou escritas, e os traballos diarios na aula-taller.

As probas prácticas realizaránse en modelos que traerán os alumnos/as ou en perruca, dependendo do criterio do profesor.

O alumnado usa e comparte o material que está no taller, e deberá mantelo en perfecto estado de conservación e hixiene.

Imprescindible obter un 5 de nota media para aprobar.

PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Os alumnos maiores de 16 anos, que acumulen máis dun 10% de faltas das horas totais do módulo, perderán o dereito a avaliación continua.

O alumno terá que facer en xuño un exame teórico e outro práctico, para aprobar dito módulo. A data do exame se colocará, con antelación, no taboleiro do departamento e na aula taller.

Proba teórica 30%, deberá acadar un mínimo de 5 para facer media coa proba práctica.

Proba Práctica 70%, deberá acadar un mínimo de 5, para facer media coa proba teórica.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

En ambos casos valorarase:



- O número (fixaranse probas puntuais e número mínimo de traballos por avaliación), a calidade, dificultade e variedade dos traballos, destreza, limpeza, estética, tempo de execución...
- As habilidades, destrezas e iniciativa desenvoltoas durante a execución dos traballos.
- A asimilación dos contidos en xeral.
- A iniciativa e creatividade.
- Recepción e atención a clientela.
- A orde e limpeza, así como vir tódolos días uniformado/a.
- O tempo de execución.

PROBAS ESCRITAS:

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto=5 ou non. Deberá sacar mínimo un 5 para poder facer media co resto dos porcentaxes.

Se algún alumno/a é sorprendido copiando nun exame, terá que entregar o exame e o profesor entregarálle outro distinto, ou fixará unha nova data para volver a facelo.

TRATAMENTO DOS DECIMAIS:

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro mais próximo, según o criterio do profesor en cada caso.

AUSENCIA NOS DÍAS DE EXAMES:

Se un alumno non se presenta (sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso.

Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá no caso de presentar un xustificante oficial para poder acceder a nova convocatoria .

Por exemplo:

- Xustificante médico
- Xustificante de asistir algun exame (de conducir, permiso oficial, probas de aceso ciclos, etc)
- Xustificante de asistir a unha entrevista de traballo,....

NON presentar en prazo un traballo:

Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, descontaráselle 0,5 punto da nota que lle corresponda ó mesmo por cada día de retraso. En todo caso, o alumno terá que entregar o traballo, aínda que sexa fóra de prazo, antes da avaliación para poder aprobar, de non facelo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

ACLARACIÓNS NO SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

- Deberanse acadar os mínimos establecidos para o módulo.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizarase no período acordado polo centro a recuperación das avaliacións pendentes.

As avaliacións suspendidas poderán ser recuperadas no seguinte trimestre. Esta proba terá un valor máximo de CINCO PUNTOS.

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumnado, plantearánselle actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar as capacidades termináis elementáis, estas actividades serán de carácter práctico e/ou exames teóricos, facilitándolle nas sesións de ensinanza-aprendizaxe concepto de apoio e soporte.

Na nota global da recuperación terase en conta o apartado do comportamento na mesma proporción que para avaliación.

O alumnado que suspenda todas as avaliacións terá dereito a un exame final, tanto teórico coma práctico.

En caso de suspender en xuño, haberá un exame de recuperación práctico e teórico en setembro.

Na nota global da recuperación terase en conta o apartado do comportamento na mesma proporción que para avaliación.

As actividades consistirán en recuperar o trimestre suspendido na avaliación do trimestre posterior, no apartado teórico.

No apartado da práctica sempre que o alumnado este aprobado/a, non se fará recuperación, sempre e cando teña os traballos esixidos en cada avaliación.

Se un alumno suspende as tres AVALIACIÓNS, terá un exame de todo o módulo en xuño.

No caso de suspender en xuño, o alumnado terá unha avaliación de recuperación EXTRAORDINARIA en setembro cun exame teórico e outro práctico.

Porcentaxes de ámbalas dúas convocatorias:

-Proba Teórica 30%: terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte práctica.

-Proba Práctica 70%: terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte teórica.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso de suspender en xuño, o alumnado terá unha avaliación de recuperación EXTRAORDINARIA en setembro cun exame teórico e outro práctico.

Porcentaxes de ámbalas dúas convocatorias:

-Proba Teórica 30%, terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte práctica.

-Proba Práctica 70%, terá que acadar un mínimo dun 5 para facer media ca parte teórica.

Para acadar a recuperación do módulo, o alumno/a que non puidera recuperar na avaliación final, deberá, despois dun período de repaso de conceptos, procedementos e actitudes, ser capaz de resolver de xeito satisfactorio tódalas unidades didácticas realizadas con anterioridade ao longo das tres avaliacións, unha vez realizados exercicios prácticos e teóricos.

As probas a realizar neste período, terán a mesma estrutura cas realizadas durante todo o curso.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento sobre o seguimento da avaliación, farase dacordo co calendario oficial de seguimento das programacións. A avaliación da propia práctica docente farase nas enquisas de satisfacción docente feitas polos alumnos/as.

Algúns dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos e alumnas, e entre os alumnos e alumnas e os profesores.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Polo menos unha vez ao mes na reunión de departamento, realizarase o seguimento das programacións de cada módulo, en caso dalgunha desviación, xustificarase razoadamente.

Analizaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- O desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.
- Grado de consecución dos obxectivos.
- Participación do alumnado.
- Ambiente de traballo tanto na aula coma no taller.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na avaliación inicial xuntaranse os membros do equipo docente que imparten no grupo.

O titor/ra achegará os datos dispoñibles sobre o alumnado, datos familiares, datos académicos, e os informes de Orientación que poida acadar sobre o alumnado.

Con estes datos, o equipo docente, analizará as características do alumnado, e no seu caso, tomará as medidas que considere oportunas para o seguimento individualizado dalgúns deles.

Asemade realizarase unha avaliación inicial para así detectar:

- Os coñecementos previos ou iniciais do alumno.
- Problemas físicos ou psíquicos que poidan interferir no normal desenvolvemento da actividade de ensino-aprendizaxe.



-Capacidades dos alumnos.

Para iso, poderase ter en conta:

- Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
- Relación entre os alumnos e os profesores terase en conta as medidas que o departamento de orientación houbera recomendado en cada caso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

-Solicitarase se é posible ó Departamento de Orientación, profesorado de apoio con coñecementos técnicos .

-Realizaranse, na medida do posible, adaptacións na Metodoloxía segundo ás discapacidades que poida presentar o alumnado.

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumno, plantexaranse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar as capacidades terminais elementais, estas actividades serán de carácter práctico e/ou teórico facilitándolle nas sesións de ensinanza-aprendizaxe concepto de apoio e soporte.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, saúde, igualdade entre sexos, sexualidade, educación vial, educación ambiental e a educación intercultural) integraranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

-Educación para a convivencia. Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

-Educación para a saúde. Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

-Educación para a paz. Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuizos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

-Educación do consumidor. Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

-Educación non sexista. Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

-Educación ambiental. A través da visualización de documentais televisivos, reflectirá sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.



-Educación vial. Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando críticamente as mensaxes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a feiras e exposicións.

Demostracións de casas comercial que colaboran co departamento.

Visita a outros centros, innova,.....

Saídas a valnearios, fabricas de cosmética, innova.....

Visitas aos medios de comunicación .

Feira de Oporto.

As actividades realizaranse sempre que a situación sanitaria polo COV-19 o permita.

10.Outros apartados

10.1) Adaptación covid-19

Adaptación covid-19

Supostos que se poden presentar ao longo do curso 2020-21:

a) Confinamento parcial. No suposto de que parte do alumnado teña que permanecer confinado, seguirá as clases a través da aula virtual do IES.

b) Confinamento total do grupo. As clases impartiranse a través da plataforma virtual do IES Johan Carballeira, mentres dure o confinamento.

Avaliación:

Os contidos impartidos mentres dure o confinamento, serán avaliados de forma presencial unha vez se reenicien as actividades presenciais.